



CONCELLO DE SADA

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 8 de marzo o Decreto núm.401/2017 que a continuación se transcribe literalmente:

“Asunto: Corrección de erros no Decreto da Alcaldía núm.296-2017 e nas bases que aproba

Advertido erro no Decreto da Alcaldía núm.296/2017, do 20 de febreiro, onde se reflicte: “TERCEIRO. Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Anuncios do Concello. (...)” debe dicir: “TERCEIRO. Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello e publicar un extracto no Diario Oficial de Galicia (...)” Advertido erros nas bases que aproban a dita resolución:

Na base 4ª onde se reflicte:

“As bases íntegras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Anuncios do Concello, inseríndose un extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*”.

O correcto é:

“As bases íntegras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Anuncios do Concello, inseríndose un extracto da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado*”.

Na base 9ª.I onde se reflicte:

“As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:
Homes: 7 minutos 40 segundos
Mulleres: 8 minutos 20 segundos”

O correcto é:

“As marcas máximas esixidas para a superación da proba son:
Homes: 7,40 segundos
Mulleres: 8,20 segundos”

Na base 9ª.II.1 onde se reflicte:

A.2	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local.
Antigüidade como funcionario de carreira	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local.
	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local.

O correcto é:

A.2	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses nos corpos de policía local.
Antigüidade como funcionario de carreira	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de seguranza
	- Cada ano de servizo, ou fracción superior a 6 meses, noutro corpo de calquera Administración Pública

Na base 4ª onde se reflicte:

“As bases íntegras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Anuncios do Concello, inseríndose un extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*”.

O correcto é:

“As bases íntegras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Anuncios do Concello, inseríndose un extracto da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado*”.

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolvo modificar o dito Decreto e as bases nos termos expostos.”

O que se publica para xeral coñecemento

Asdo. dixitalmente

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

-Taboleiro

-Web

-Taboleiro Sede Electrónica

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. Verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <http://sede.sada.es>.